

Polo camiño

Gustave Mirbeau

Tradución de Sandra Casal Munín



Gustave Mirbeau

Polo camiño

Versión galega de Sandra Casal Munín

O outro día, atopei polo camiño o vello Ibire. Estaba a recoller follas secas para cubrir os nabos. Conteille que a Cámara aprobara a expedición a Madagascar.

–Abofé que si! –dixo–. Que trapallada se traen agora entre mans?

(Porque o vello Ibire, agora, desconfiaba sempre que a Cámara aprobaba calquera cousa, mesmo cando non aprobaba nada. Coa soa mención de «cámara» ou de «deputado», o bo do home, instintivamente, botaba rapidamente as mans aos dous petos, coma se aínda tivese algo que lle puidesen levar cando había tempo que llo quitaran todo).

–A trapallada –respondinlle–. É que somos demasiado ricos e non sabemos que facer con todos os millóns que temos!... O mellor é gastalos alegremente... Enténdame, non falo dos quince mil mozos franceses que van ir podreecer alí nos pantanos... O traballo dos soldados é podreecer nalgures, non é?... E non podíamos atopar mellor sitio para iso ca Madagascar!

–Comprendo... Teño un neto que morreu en Tonkin..., un sobriño que morreu en Dahomey... E na vila hai moitas familias que tamén teñen mortos, moi lonxe, un pouco en todos os lugares... Pero claro, isto beneficianos, non si?

–Claro que si, señor Ibire... Moitas débedas.... Moitos impostos... Moitas bágoas... E iso sen contar os imprevistos, que sempre son terribles.

–Abofé que o entendo! –dixo o señor Ibire asentindo coa cabeza–. Porén...

Cavilou un intre e logo seguiu:

–Porén, se teñen tantos millóns, por que non os invisten en arranxar os camiños? Mira que pena dan! Case non podo andar coa carreta... Xa caín varias veces ao chan por culpa dos buratos... Os cabalos máncanse, os arneses parten, os carros rompen... A verdade é que non é xusto... Non deberían colonizar Francia primeiro...

O homiño sentou nun dos brazos da carreta e xemeu:

–Levan catro anos dicindo que nola van amañar!... Pero xa perdín a esperanza! Por exemplo, cando hai eleccións todo vai ben! Oito días antes de votar poñen por aquí e por acolá un par de metros de grixo... Despois, vemos aparecer a apisoadora a vapor que bufa, roncexa, bota fume, fai un balbordo do demo... E o candidato vai polas aldeas gritando: «Ímosvos facer un camiño

excelente... O único que tendes que facer é votar polos candidatos do goberno!» Votamos e, ao día seguinte, como xa gañaron, levan a apisoadora a vapor... E deixan os pequenos montóns de grixo no bordo do camiño e o candidato, a quen xa non volvemos ver, está de chanza no café, mentres se burla de nós... Non nos deu máis ca un pouco fume... Máis nada!

–Entón, por que vota?

–Non o sei... Todo o mundo vota... Eu voto como fan todos... Ademais, que lle quere? A forza de votar por un, por outro, unhas veces polo azul, outras polo branco, outras polo vermello, se cadra nunha destas damos co bo...

–Non parece que iso vaia acontecer, señor Ibire.

–Xa o sei... Aínda han de pasar moitos candidatos polos camiños... E falando de camiños, quería que me explicase algo que me preocupa dende hai un tempo... É certo que non lle son moi instruído...

–Diga, señor Ibire...

–Velaquí o asunto... Eu estou obrigado, como todo o mundo, a traballar tres días ao ano nos camiños. Eu, as miñas ferramentas, o meu cabalo e o meu carro, se o tivese... A iso chámase prestación de servizos! Ben! Estou de acordo... Paréceme xusto... Cando me toca, eu vou... Pero non me dan máis ca traballos ridículos e sen sentido. Para que se faga vostede unha idea, hai catro anos, tiña cabalo e carro. O encargado dos peóns díxome que fose buscar grixo, a dúas leguas de alí, ao pé da costa de Montdur, que ve vostede dende aquí... Fun... E non había grixo. Levaba quince anos sen haber. Este collera un metro, aquel outro, todo o mundo pillara un pouco... Resumindo, o grixo desaparecera... Díxenlle ao encargado: «Xa non queda grixo». E respondeume: «Eu non me vou meter niso... Que haxa grixo ou non, non é problema meu, eu paso... Pero a túa obrigaón é ilo buscar e carrexalo para o camiño... Volve alí». Díxenlle ao encargado: «Como quere que traia algo que non existe?». O encargado respondeume: «Fai coma se existise!». Así que volví marchar e, durante os tres días que estiveren a traballar alí, eu, as miñas ferramentas, o meu cabalo e o meu carro, fomos e viñemos de Montdur ao camiño e do camiño a Montdur para traer o grixo que eu sabía que non existía... Que lle parece?

–Élle o misterio da santa Administración, señor Ibire...

–Enténdoo... Pero iso non é todo... Fixen o meu traballo... Non serviu de nada... É certo... Pero, en fin, poderían ter grixo....

–Niso trabúcase, señor Ibire... Nunca hai grixo, en ningún lado... O home pasa o tempo a carrexar grixo que non existe... Se houbese grixo, non existiría a administración e vostede estaría contento... É imposible concibir unha loucura semellante.

–Volvo ao que lle quería preguntar... A vostede moléstalle traballar nos camiños... Preferiría pagar polas horas de prestación no canto de facelas... Vostede vai xunto ao recadador e entrégalle o

diñeiro... E ben...Que fan con eses cartos? Iso é o que quería saber.

-Vaites! Pois o que fan é pagar as expedicións a Madagascar... Fan acoirazados que explotan, outros que afunden... Danlle os cartos aos seus amigos e coñecidos...Que sei eu? Aos provedores que rouban no trigo da mariña, na carne dos soldados, nos bidóns... Estáfanlle todo, coitado señor Ibire...

-Compréndoo... E os camiños?

-Pasan deles.

-Pero se ese diñeiro está destinado exclusivamente aos camiños!

-Razón de máis.

O señor Ibire, cos puños nos xeonllos, mirábame ansiosamente cos seus ollos pequenos que non paraban de pestanexar. Dixo:

-Non entendo nada.

-Claro que non entende nada, señor, porque se entendese algo, non queredría vivir neste estado de miseria, nesta ignominia moral onde está a podrecer dende hai séculos e onde se mantén grazas aos esforzos combinados e triunfais da perversidade humana. Grazas a que non comprende nada de nada, o Estado, e a administración que o representa no seu labor de asasino, cébase no seu vello corpo e cada día, a todas horas, en calquera minuto, vaille arrincando aos poucos a súa intelixencia, a súa vontade, a forza escura e latente que habita en vostede, sen que o saiba. O día no que comprenda, é dicir, o día en que se coñeza a si mesmo, a súa individualidade, todas estas pantasma (porque son pantasma) que fan que lle doia o corpo e que lle aprisionan o espírito, desaparecerán como desaparecen cos raios de luz matinais as bestas nocturnas que axexan nas tebras, á procura de restos e presas vivas... Pero ese día aínda non chegou, señor Ibire, e a data non aparece en ningún calendario.

O señor Ibire ergueuse, con esforzo. Contemplou o camiño, o camiño cotián, sucado de desniveis e rodadas a onde, dende hai 80 anos, carrexara, cara destinos descoñecidos, cousas que non existen e dixo:

-Todo isto dáme dor de cabeza... Prefiro recoller follas.